

Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do proceso de revisión, mellora e actualización do marco legislativo en materia de Administración local de Galicia

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que, en virtude do previsto na disposición transitoria segunda do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 110, do 27 de maio), en relación co Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local, sen prexuízo das demais competencias que legal e regulamentariamente teña atribuídas

Dentro deste departamento, á Dirección Xeral de Administración Local correspóndenlle as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito de poder local e, en particular:

- A coordinación das políticas públicas en materia de Administración local.
- O impulso, estudo e control do cumprimento da Lei de Administración local de Galicia e demais normativa de réxime local, así como o exercicio das competencias que nesa materia lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Antecedentes e fundamentos do convenio

Nos últimos anos téñense incorporado novas normas ao ordenamento xurídico de carácter básico; en particular:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público.

Asemade, producíronse importantes modificacións na normativa específica de réxime local, entre elas a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ou incorporacións de normativa en materia de emprego público local na Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia. Sen ánimo exhaustivo, cómpre tamén citar outras normas de impacto aprobadas desde o ano 1997, como sucede coa lexislación básica en materia de emprego público, sen que se teña axustado o marco normativo o que dificulta a aplicación da normativa local galega e que, xa que logo, deben trasladarse a esta.

Este escenario ao que levaron os importantes cambios normativos e relacionais co conxunto da cidadanía, require dunha actualización reguladora do marco actual, conformado pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e aconsella abordar, sen máis dilacións, un proceso de reflexión e debate para impulsar unha nova norma do réxime das entidades locais galegas, desde un enfoque conxunto e multidisciplinar que permita dar resposta aos cambios sociais que acompañan os ditos cambios normativos, integrando neste proceso a profesionais de todos os perfís relacionados co ámbito xurídico, técnico e económico.



A Universidade de Vigo conta cunha longa experiencia docente, investigadora e de transferencia do coñecemento no ámbito da Administración local, que se ten manifestado na realización de numerosos congresos, seminarios e xornadas, proxectos de investigación, publicacións, informes científicos e traballos, e nas múltiples colaboracións cos concellos galegos, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a Xunta de Galicia para fomentar o seu desenvolvemento local.

Nomeadamente conta co grupo de investigación GEN (*Governance and Economic research Network*) que ten recoñecida a condición de Grupo de Referencia competitiva do Sistema Universitario de Galicia. Este grupo, integrado por destacadas persoas investigadoras, vén desenvolvendo unha ampla actividade investigadora e de transferencia de coñecemento en relación co mundo local, que os dota da condición de persoas expertas recoñecidas na materia e que se recolle na súa numerosa produción científica.

O grupo GEN que, como se acaba de sinalar, está a levar a cabo numerosas investigacións, publicacións e xornadas formativas no campo da administración local, desenvolve a Red Localis como unha liña de investigación do mundo local, que se configura como un foro de reflexión do municipalismo e da súa xestión e que actúa como fórmula para potenciar a transferencia de coñecemento na mellora do debate público sobre o mundo local e para formular propostas de solución ás problemáticas particulares detectadas.

Por isto, a Red Localis se presenta como unha iniciativa única non só en Galicia senón tamén en toda España, na que colaboran persoas expertas no ámbito académico e *practicioners* do mundo local, é dicir, profesionais con ampla experiencia e gran dominio neste ámbito e dotados dos coñecementos necesarios para formar outras persoas profesionais do eido local, combinando as fontes de coñecemento e acreditando un alto impacto no desenvolvemento da súa actividade.

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten interese en colaborar coa Universidade de Vigo para contar coa experiencia investigadora e de transferencia de coñecemento da Red Localis na abordaxe deste proceso de reflexión e debate para impulsar unha nova norma do réxime das entidades locais galegas.

Con base en todo o anterior, constátase a converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do fin común de mellorar o marco regulatorio da Administración local no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que permita a modernización das normas para un mellor desenvolvemento do mundo local galego, mediante a actualización e adaptación da normativa reguladora do réxime das entidades locais galegas.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Universidade de Vigo un convenio para o desenvolvemento do proceso de revisión, mellora e actualización do marco legislativo en materia de administración local de Galicia, instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do proceso de revisión, mellora e actualización do marco legislativo en materia de administración local de Galicia.

Este convenio ten como principais obxectivos:



- A través dun proceso de revisión da normativa actual, identificar e concretar as necesidades de modificación e actualización da lexislación autonómica en materia de administración local para adecuala aos cambios producidos no tempo transcorrido desde a aprobación da vixente norma.
- Transferir o coñecemento experto e multidisciplinar no proceso de elaboración de propostas que permitan dispoñer dunha nova Lei de Administración Local de Galicia.
- Examinar e concluír propostas de melloras da gobernanza local no contexto dunha Administración local do século XXI.

5. Aplicación orzamentaria e importe

O orzamento total para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio ascende á cantidade máxima de CINCUENTA MIL EUROS (50.000,00 €)

Para facilitar a execución conxunta das actuacións a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes compensará á Universidade de Vigo ata o importe máximo sinalado, que inclúe o IVE correspondente nos casos que sexa aplicable, con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.640.0 (proxecto 2016 00022), coa seguinte distribución por anualidades:

- Anualidade 2022: 20.000,00 €
- Anualidade 2023: 30.000,00 €

Esta achega cubrirá os custos de realización das actividades necesarias para o desenvolvemento do proxecto (gastos de persoal, axudas de custo e gastos de viaxe, material funxible, presentación de documentos, organización de actividades, relatores e persoal colaborador, ...), sen que a Universidade obteña beneficio ou lucro industrial ningún coa referida aportación económica.

Por todo o anteriormente exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Este convenio implica asunción de obrigas de contido económico de carácter plurianual. Xa que logo, require autorización previa do Consello da Xunta en cumprimento do establecido na disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso
(*documento asinado electronicamente*)

